



Asunto: Compra colectiva material educativo

Referencia: SXOIASE

Destinatario: Confederación ANPAS Galegas

Recibido escrito na Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional con número de entrada 2021/1297959 de data 31/05/2021 no que se denuncia “a compra colectiva de material educativo por parte dalgúns-has docentes” e que solicitan “unha resposta clara ao escrito, e tamén que se remita aos centros educativos a información necesaria para que estas situacións non se repitan.”, se lle informa que,

Segundo se establece na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no seu artigo 74 “Os empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación desta lei someteranse a un código de conduta configurado polos seguintes deberes:

e) Absterse naqueles asuntos en que teñan un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poida supoñer un risco de xerar conflitos de intereses co seu posto público, e, en particular, non contraer obrigas económicas nin intervir en operacións financeiras, obrigas patrimoniais ou negocios xurídicos con persoas ou entidades cando poida supoñer un conflito de intereses coas obrigas do seu posto público.

m) Administrar os recursos e bens públicos con austeridade e non os utilizar en proveito propio ou de persoas achegadas, así como velar pola súa conservación.”

A xestión económica dos centros se regula no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

Como se pode observar, na normativa vixente está totalmente regulada a xestión de fondos públicos nos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como os deberes dos funcionarios docentes.

En consecuencia, de observarse algunha práctica non axustada a dereito que sexa denunciada e fundamentada, adoptaranse as medidas que procedan.

En Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Iván Mira Fernández

Subdirector Xeral de Ordenación, Inspección e Avaliación do Sistema Educativo

